

**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA OU LISTAXE DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS CONSERXES (SUSPENSIÓN DA CONVOCATORIA SINALADA PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN).**

En Melide, a 25 de febreiro de 2026, sendo as 15.00 horas, reúnense baixo a presidencia de María José Enjamio Vázquez, os seguintes integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a creación dunha bolsa ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as conserxes;

**Presidenta:** María José Enjamio Vázquez.  
**Secretaría (SUPLENTE):** María Teresa Buján Mosquera.  
**Vogais:** Francisco José Pérez Vizoso (Ausente).  
Javier Sandá Martínez.  
Joaquín José Vázquez Rodríguez.

Logo de ver que por rexistro de entrada número 202699900000241, de data 19/02/2026, Victorino Fuente Martínez (\*\*8211\*\*) actuando en representación e coa autorización de Rubén Rodríguez Noguero (\*\*9950\*\*) formula reclamación contra as valoracións resultantes da fase do concurso de méritos DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO OU LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIOS INTERINOS CONSERXES.

Na acta do 25/02/2026 o Tribunal Cualificador concluíu o seguinte: "Seguindo a doutrina consolidada do Tribunal Supremo (en concreto, a STS do 21 de xullo de 2022, Rec. 744/2021 na que se fundamenta a reclamación enriba transcrita) e constituíndo as bases da convocatoria a "lei do proceso", este Tribunal Cualificador aprecia que as mesmas poden estar viciadas de nulidade de pleno dereito nos termos previstos no artigo 47.1.a) da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas pola vulneración de dereitos fundamentais ou principios constitucionais como a igualdade, mérito e capacidade (artigos 14 e 103 CE) entendendo que se trata dun suposto de discriminación inxustificada ao non poder valorar de forma inferior os servizos prestados por persoal laboral temporal fronte a funcionarios/as cando desempeñaron as mesmas funcións en postos equivalentes e sen prexuízo da vulneración da normativa comunitaria neste eido, ACÓRDASE por unanimidade dos membros do Tribunal Cualificador:

Dar traslado da dita circunstancia ao alcalde aos efectos da súa resolución e, en consecuencia, **deixar sen efecto a convocatoria do Tribunal Cualificador para ás 10.00 horas do venres, 27 de febreiro de 2026 no salón de sesións da casa consistorial e para os/ás aspirantes, o venres, 27 de febreiro de 2026, ás 11.30 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide, para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición".**

Melide, 25 de febreiro do 2026

O Tribunal cualificador.

JAVIER  
SANDA  
MARTINEZ -  
32672121T  
Firmado digitalmente  
por JAVIER SANDA  
MARTINEZ -  
32672121T  
Fecha: 2026.02.25  
15:25:17 +01'00'

